

Exercicios mitose e meiose


1. Que sucedería se os gametos de organismos diploides se formaran por mitose? Razoa a resposta.

2. Sinala as diferenzas e semellanzas entre:

- a) Profase de mitose e profase I da meiose.
- b) Metafase I e metafase de mitose.

3. A figura representa, dunha maneira moi esquemática, unha célula dunha especie con $2n=6$ cromosomas.

- a) Trátase dunha célula en mitose ou en meiose?
- b) En que fase está? Razoa as respostas.



4. Completa a seguinte táboa sobre as diferencias entre mitose e meiose:

	Mitose	Meiose
Finalidade biolóxica		
Número de células fillas		
Número de divisións		
Dotación cromosómica das células nas que sucede		

5. Indica se as seguintes frases son falsas ou verdadeiras. Transforma as falsas en verdadeiras.

1. Na meiose, as células que se dividen teñen $2n$ cromosomas pero son haploides.
2. Na meiose, na metafase I prodúcese o sobrecruzamento, que asegura a variabilidade xenética dos gametos.
3. Na mitose o sobrecruzamento é entre cromátidas irmás e na meiose entre cromátidas non irmás de cromosomas homólogos
4. Os cromosomas das células obtidos por meiose poden conter novas combinacións diferentes aos cromosomas da célula que sofre a división.
5. Na meiose prodúcense 4 células haploides e na mitose, dúas células
6. Os descendentes obtidos por mitose son xeneticamente idénticos polo que teñen maior capacidade de adaptación ao medio.
7. A primeira división meiótica é moi similar á mitose, as diferenzas danse na segunda división meiótica.
8. Na mitose as células fillas teñen $2n$ cromosomas se a célula que se divide é diploide.
9. Na metafase da mitose sepáranse cromátidas e na metafase I da meiose cromosomas homólogos.
10. O número de células fillas é maior na meiose que na mitose.
11. Na metafase sepáranse cromátidas e na metafase II da meiose tamén.
12. A mitose é unha división reduccional, xa que diminúe o número de gametos.

